



## LOITANDO CONTRA A DESLOCALIZACIÓN

Este xoves 27 de Xullo tivo lugar unha xuntanza dunha representación do persoal despedido de Stream e Teleperformance (subcontratas de Jazztel) e da CIG-Banca (na que esta encadrado o sector de Telemárketing) co parlamentar do BNG Fernando Blanco Parga, portavoz de Industria e Enerxía, xunto coa Sección Sindical de CIG-Atento e co Secretario Nacional da Federación de Banca Clodo Montero, para abordar o despedimento de 700 traballadores/as na Coruña e o risco de deslocalización no sector.

Nesta reunión abordouse a problemática laboral derivada da deslocalización das subcontratas de Jazztel a Arxentina, a consecuencia da cal 700 persoas perderán nestes días o seu posto de traballo na Coruña. Esta deslocalización non é un caso illado, a maior parte das empresas de telemárketing radicadas na Galiza teñen ou están abrindo Call Centers en países de latinoamerica.

A representación dos traballadores/as e a CIG avaliaron positivamente a reunión e os compromisos acadados na mesma. Fernando Blanco anunciou que presentará unha *Proposta non de Lei no Parlamento Galego* para que cando o Ministerio de Fomento asigne as concesións en materia de telecomunicacións obrigue a localizar os servizos no estado, como xa acontece noutros sectores. Interesarase tamén pola actuación da Axencia Estatal de Protección de Datos pola que Jazztel poderá transferir os datos confidencias dos seus clientes e potenciais clientes a Arxentina ou Colombia sen autorización expresa dos mesmos, dado que consideran a Arxentina un "país seguro".

A CIG solicitou que revisen as subvencións da Xunta de Galiza recibidas por Stream, Teleperformance (antes Iberphone) ou directamente por Jazztel en concepto de creación de emprego.

**Lembra que todos os sabados está convocada unha concentración ás 12 na Praza de María Pita.**

Traede calquera instrumento musical ou sonoro que atopedes: pandeiretas, gaitas, fruta, harmónica, xilófono, tambor, guitarra, ou a recorrida cazarola.

**SECCION SINDICAL**



**CIG - ATENTO**

**“CONTRA A DESLOCALIZACIÓN DAS EMPRESAS DE TELEMARKEETING E POLA PROTECCIÓN DOS DATOS DOS SEUS CLIENTES”**

*A Coruña, 28 de xullo de 2006*